

Os seguintes anuncios referentes a estes procesos selectivos serán publicados exclusivamente nos taboleiros de anuncios do Concello de Vigo, da Escola Municipal de Artes e Oficios e na páxina web municipal www.vigo.org.

Vigo, 19 de decembro de 2007.—O Xefe do Servizo de Educación, supervisor da Escola Municipal de Artes e Oficios, Rafael Ojea Pérez. **2007012269**

* * *

POIO

A N U N C I O

Rematado o prazo de información pública do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de 16 de novembro de 2007, núm. 222, referente ó acordo adoptado polo Pleno, en sesión ordinaria de data 30 de outubro de 2007, sobre modificacións das seguintes Ordenanzas: ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos; ordenanza fiscal reguladora da taxa por tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos; ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga; ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de saneamento; modificación da taxa de análises de vertidos e inspección de augas; ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras; ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo; parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase; ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de grúa. ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas; ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de celebración de casamentos civís; ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica; ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos facultativos que se presten en obras municipais; ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, sen que se presentasen reclamacións en contra das mesmas, e en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobada por R.D. 2/2004, de 5 de marzo, quedan aprobadas definitivamente e fanse públicas as citadas modificacións:

1) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS

TARIFAS QUE SE PROPOÑEN PARA A TAXA DE RECOLLIDA RESIDUOS SOLIDOS URBANOS:

	<i>€/trimestre</i>
GRUPO A	
<i>SAS DE FESTAS, PUB, CAFETERÍAS, BARES E SIMILARES</i>	
CADA 100 M ² OU FRACCIÓN ATA 1000 M ²	10,22
CADA 500 M ² ADICIONAIS ATA 5000 M ²	4,29
CADA 1000 M ² ADICIONAIS EN ADIANTE	1,44
TAXA MÍNIMA	28,91

	<i>€/trimestre</i>
GRUPO B	
<i>GRANDES SUPERFICIES COMERCIAIS (SUPERFICIE SUPERIOR A 1.000 M²)</i>	
CADA 100 M ² OU FRACCIÓN	19,85
GRUPO C	
<i>SUPERMERCADOS, TENDAS DE ALIMENTACIÓN, ULTRAMARINOS, FRUTERÍAS</i>	
CADA 75 M ² OU FRACCIÓN ATA 1000 M ²	17,00
TAXA MÍNIMA	28,79
GRUPO D	
<i>SOCIEDADES RECREATIVAS</i>	
CADA 50 M ² DE EDIFICIO SOCIAL OU FRACCIÓN	10,45
CADA 500 M ² DE ZONA EXTERIOR OU FRACCIÓN	1,44
TAXA MÍNIMA	42,84
GRUPO E	
<i>HOTELES, SANATORIOS E CLÍNICAS EN REXIME DE INTERNADO</i>	
POR CADA HABITACIÓN	2,81
COTA MÍNIMA	43,05
COTA MÁXIMA	394,76
GRUPO F	
<i>CASA DE HOSPEDES, PENSIÓNS, FONDAS, HOSPEDERIAS, HOSTAIS</i>	
POR CADA HABITACIÓN	2,16
COTA MÍNIMA	28,84
COTA MÁXIMA	394,76
GRUPO G	
<i>CENTROS CULTURALS OU DOCENTES</i>	
POR CADA 100 M ² DE EDIFICIO OU FRACCIÓN	7,89
POR CADA 500 M ² DE ZONA EXTERIOR OU FRACCIÓN	1,44
COTA MÍNIMA	26,12
GRUPO H	
<i>RESTAURANTES</i>	
CADA 75 M ² OU FRACCIÓN ATA 500 M ²	22,53
CADA 100 M ² ADICIONAIS OU FRACCIÓN DE 500 A 2500 M ²	11,27
CADA 500 M ² OU FRACCIÓN EN ADIANTE	5,57
TAXA MÍNIMA	41,80
GRUPO I	
<i>TALLERES (CARPINTERIA, MECANICOS, CALZADO, ALUMINIO...)</i>	
<i>GASOLINERAS, INDUSTRIAS EN XERAL (NON DEDICADAS A FABRICACION)</i>	
POR CADA 50 M ² OU FRACCIÓN ATA 1000 M ²	8,60
POR CADA 500 M ² QUE EXCEDAN DE 1.000 M ²	14,99
TAXA MÍNIMA	17,34
GRUPO J	
<i>FABRICAS</i>	
CADA 75 M ² OU FRACCIÓN ATA 2500 M ²	8,68
CADA 100 M ² OU FRACCIÓN ATA 5000 M ²	4,29
CADA 500 M ² OU FRACCIÓN EN ADIANTE	2,88
COTA MÍNIMA	28,79
GRUPO K	
<i>GARAXES E APARCAMENTOS</i>	
POR CADA 25 M ² OU FRACCIÓN	3,95
TAXA MÍNIMA	7,89
GRUPO L	
<i>VIVENDAS, APARTAHOTELES</i>	
POR CADA VIVENDA	11,50
GRUPO M	
<i>PELUQUERIAS, FARMACIAS, DESPACHOS, GESTORÍAS, ACADEMIAS DE ENSEÑANZA E PEQUENO COMERCIO EN XERAL</i>	
POR CADA 50 M ² OU FRACCIÓN	4,29
COTA MÍNIMA	8,71
GRUPO N	
<i>CARNICERIAS, PESCADERIAS, PASTELERIAS, PANADERIAS OU SIMILARES</i>	
CADA 25 M ² OU FRACCIÓN ATA 150 M ²	5,21

	<i>€/trimestre</i>
CADA 50 M ² ADICIONAIS OU FRACCIÓN	2,65
COTA MÍNIMA	20,90
GRUPO O	
<i>ALMACENS (SÓ ALMACENAXE)</i>	
CADA 100 M ² OU FRACCIÓN ATA 500 M ²	6,62
CADA 500 M ² ADICIONAIS OU FRACCIÓN	3,95
COTA MÍNIMA	26,24
GRUPO P	
<i>VIVEIROS DE PLANTAS E SIMILARES</i>	
CADA 100 M ² OU FRACCIÓN ATA 500 M ²	6,62
CADA 500 M ² ADICIONAIS OU FRACCIÓN	3,95
COTA MÍNIMA	26,24
GRUPO R	
<i>GRANXAS AGRÍCOLAS</i>	
POR CADA EXPLOTACIÓN INFERIOR A 2,000 M ²	22,99
POR CADA 500 M ² ADICIONAIS.....	3,00

As vivendas e establecementos que se encontraren instalados a distancia superior a 100 m. do punto máis cerca do itinerario establecido verá reducida a súa cota nun 50%.

As vivendas e establecementos que se encontraren instalados a distancia superior a 500 m. do punto máis cerca do itinerario establecido estará exento.

Estas tarifas comezarán a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2008, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 15 a 19 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, acorda a imposición e ordenación da Taxa pola prestación do servizo de Tratamento e Eliminación dos Resíduos Sólidos Urbanos.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos de tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 e 36 da Lei xeral tributaria propietarios de vivendas e locais así como os titulares de actividades comerciais e industriais, situados nos luares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

	<i>€/trimestre</i>
GRUPO A	
<i>SAS DE FESTAS, PUB, CAFETERÍAS, BARES E SIMILARES</i>	
CADA 100 M ² OU FRACCIÓN ATA 1000 M ²	11,89

	<i>€/trimestre</i>
CADA 500 M ² ADICIONAIS ATA 5000 M ²	5,00
CADA 1000 M ² ADICIONAIS EN ADIANTE	1,67
TAXA MÍNIMA	33,65
GRUPO B	
<i>GRANDES SUPERFICIES COMERCIAIS (SUPERFICIE SUPERIOR A 1.000 M2)</i>	
CADA 100 M ² OU FRACCIÓN ATA 10.000 M ²	23,10
CADA 100 M ² OU FRACCIÓN ADICIONAIS QUE EXCEDAN DE 10.000 M ² ...	81,42
GRUPO C	
<i>SUPERMERCADOS, TENDAS DE ALIMENTACIÓN, ULTRAMARINOS, FRUTERÍAS</i>	
CADA 75 M ² OU FRACCIÓN ATA 1000 M ²	19,78
TAXA MÍNIMA	33,51
GRUPO D	
<i>SOCIEDADES RECREATIVAS</i>	
CADA 50 M ² DE EDIFICIO SOCIAL OU FRACCIÓN	12,16
CADA 500 M ² DE ZONA EXTERIOR OU FRACCIÓN	1,67
TAXA MÍNIMA	49,86
GRUPO E	
<i>HOTELES, SANATORIOS E CLÍNICAS EN REXIME DE INTERNADO</i>	
POR CADA HABITACIÓN	3,28
COTA MÍNIMA	50,10
COTA MÁXIMA	459,36
GRUPO F	
<i>CASA DE HOSPEDES, PENSIÓNS, FONDAS, HOSPEDERIAS, HOSTAIS</i>	
POR CADA HABITACIÓN	2,51
COTA MÍNIMA	33,56
COTA MÁXIMA	459,36
GRUPO G	
<i>CENTROS CULTURALS OU DOCENTES</i>	
POR CADA 100 M ² DE EDIFICIO OU FRACCIÓN	9,18
POR CADA 500 M ² DE ZONA EXTERIOR OU FRACCIÓN	1,67
COTA MÍNIMA	30,40
GRUPO H	
<i>RESTAURANTES</i>	
CADA 75 M ² OU FRACCIÓN ATA 500 M ²	26,21
CADA 100 M ² ADICIONAIS OU FRACCIÓN DE 500 A 2500 M ²	13,11
CADA 500 M ² OU FRACCIÓN EN ADIANTE	6,49
TAXA MÍNIMA	48,64
GRUPO I	
<i>TALLERES (CARPINTERIA, MECANICOS, CALZADO, ALUMINIO...)</i>	
<i>GASOLINERAS, INDUSTRIAS EN XERAL (NON DEDICADAS A FABRICACION)</i>	
POR CADA 50 M ² OU FRACCIÓN ATA 1.000 M ²	10,00
POR CADA 500 M ² QUE EXCEDAN DE 1.000 M ²	17,45
TAXA MÍNIMA	20,18
GRUPO J	
<i>FABRICAS</i>	
CADA 75 M ² OU FRACCIÓN ATA 2500 M ²	10,11
CADA 100 M ² OU FRACCIÓN ATA 5000 M ²	5,00
CADA 500 M ² OU FRACCIÓN EN ADIANTE	3,35
COTA MÍNIMA	33,51
GRUPO K	
<i>GARAXES E APARCAMENTOS</i>	
POR CADA 25 M ² OU FRACCIÓN	4,60
TAXA MÍNIMA	9,18
GRUPO L	
<i>VIVENDAS, APARTAHOTELES</i>	
POR CADA VIVENDA	13,38
GRUPO M	
<i>PELUQUERIAS, FARMACIAS, DESPACHOS, GESTORÍAS, ACADEMIAS DE ENSEÑANZA E PEQUENO COMERCIO EN XERAL</i>	
POR CADA 50 M ² OU FRACCIÓN	5,00
COTA MÍNIMA	10,13

	<i>€/trimestre</i>
GRUPO N	
<i>CARNICERIAS, PESCADERIAS, PASTELERIAS, PANADERIAS OU SIMILARES</i>	
CADA 25 M ² OU FRACCIÓN ATA 150 M ²	6,06
CADA 50 M ² ADICIONAIS OU FRACCIÓN	3,08
COTA MÍNIMA	24,32
GRUPO O	
<i>ALMACENS (SÓ ALMACENAXE)</i>	
CADA 100 M ² OU FRACCIÓN ATA 500 M ²	7,70
CADA 500 M ² ADICIONAIS OU FRACCIÓN	4,60
COTA MÍNIMA	30,54
GRUPO P	
<i>VIVEIROS DE PLANTAS E SIMILARES</i>	
CADA 100 M ² OU FRACCIÓN ATA 500 M ²	7,70
CADA 500 M ² ADICIONAIS OU FRACCIÓN	4,60
COTA MÍNIMA	30,54
GRUPO R	
<i>GRANXAS AGRICULAS</i>	
POR CADA EXPLOTACIÓN INFERIOR A 2,000 M ²	26,75
POR CADA 500 M ² ADICIONAIS	3,49

As vivendas e establecementos que se encontreren instalados a distancia superior a 100 m. do punto máis cerca do itinerario establecido verá reducida a súa cota nun 50%.

As vivendas e establecementos que se encontreren instalados a distancia superior a 500 m. do punto máis cerca do itinerario establecido estará exento.

ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 7º. DEVENGO

1.—Devéngase esta Taxa e nace a obriga de contribuir desde o omento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada natureza da recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo de trataento e eliminación dos residuos sólidos urbanos.

2.—Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, ou no seu caso, na data que se realice o feito imponible.

ARTIGO 8º. DECLARACIÓN E LIQUIDACIÓN

1.—A Taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no padrón correspondente.

2.—Se se utiliza o servizo sen mediar solicitude darase de alta de oficio no padrón, liquiarase e notificarase a mesma ós interesados sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3.—Unha vez producida alta no correspondente padrón a liquidación desta Taxa acomodarse ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula, etc.).

ARTIGO 9º. INGRESO

1.—As cotas desta Taxa liquidarase e esixiranse no momento de presenta-la correspondente solicitude polos períodos non declarados, producíndose a alta no correspondente padrón.

2.—Unha vez producida a alta, a Taxa exaccionarase por padrón esixíndose o importe da mesma no prazo que sinala a tarifa da Taxa, ou ben no que determine o Alcalde-Presidente ou a Comisión de Goberno, nos prazos previstos Regulamento de Recadación ou no que sinala a Alcaldía-Presidencia.

ARTIGO 10º. INFRACCIÓN E SANCIÓNS

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11º. NORMAS DE XESTIÓN

As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita.

Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse polo período de liquidación das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor a o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do un de Xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.— administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

O Concello realizará a alta de oficio nesta taxa de tódolos aboados que figuren no Padrón fiscal de Recollida de Resíduos Sólidos Urbanos na data do comezo da prestación do servizo de Tratamento e Eliminación de Resíduos Sólidos Urbanos.

A modificación da presente comezará a plicarse o día 1 de xaneiro de 2008, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

3) ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 25 do TRLRHL aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, acorda a imposición e ordenación da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 e 36 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais que po-

derán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 da Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

As cotas desta taxa serán as seguintes:

PREZOS POR CONSUMO DE AUGA

	<i>€/trimestre</i>
USO DOMÉSTICO-CONDICIONAL DOMÉSTICO	
00-30 M ³	0,224
31-60 M ³	0,273
61-100 M ³	0,323
> 101 M ³	0,634
USO COMERCIAL-CONDICIONAL COMERCIAL	
0-30 M ³	0,310
31-60 M ³	0,360
61-100 M ³	0,410
> 101 M ³	0,821
USO INDUSTRIAL-CONDICIONAL INDUSTRIAL E PROVISIONAL	
0-120 M ³	0,310
121-240 M ³	0,360
> 241 M ³	0,410
COTAS FIXAS TRIMESTRAIS	
USO DOMÉSTICO	11,587
USO COMERCIAL	11,635
USO INDUSTRIAL	39,269
CONDICIONAL DOMÉSTICO E COMERCIAL	23,176
CONDICIONAL INDUSTRIAL	78,312
PROVISIONAL VIVENDAS UNIFAMILIARES	23,962
PROVISIONAL RESTO EDIFICACIONS	53,552
DEREITOS DE ACOMETIDA	
POR CADA INSTALACION A VIVENDA	131,864
POR CADA INSTALACION COMERCIAL	221,763
POR CADA INSTALACION INDUSTRIAL	311,677
POR CADA INSTALACION PROVISIONAL	199,792
FIANZA OU DEPOSITO	
POR CADA INSTALACION PROVISIONAL	399,575
BAIXAS POR SUMINISTRO	
POR USO DOMÉSTICO OU CONDICIONAL	21,988
POR USO COMERCIAL OU CONDICIONAL	43,998
POR USO INDUSTRIAL OU CONDICIONAL	65,997
POR USO PROVISIONAL	109,995
TAXA POR BOMBEO CON GRUPO DE PRESION	
Incremento de cada m ³ en tódolos bloques	0,103
TAXA POR ALQUILER DE CONTADORES	
13 mm. de diámetro	2,486
15 mm. de diámetro	2,701
20 mm. de diámetro	3,386
25 mm. de diámetro	4,948
30 mm. de diámetro	6,601
40 mm. de diámetro	10,034
50 mm. de diámetro	17,877
65 mm. de diámetro	23,987
TAXA POR CAMBIO DE TITULAR	
POR CADA CAMBIO DE TITULAR	32,818

ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 7º. PERCEPCIÓN

A) Cando se trate de servizos non periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

B) Cando se trate de servizos periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto no momento da alta no padrón, caso no que se percibirá a partir dese mesmo momento.

ARTIGO 8º. LIQUIDACIÓN

A) Cando se trate de servizos non periódicos:

— Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servizo ou de realiza-la actividade.

— Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

— Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

B) Cando se trate de servizos periódicos:

Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa.

ARTIGO 9º. INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase:

— Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

— Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

— Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

ARTIGO 10º. INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11º. NORMAS DE XESTIÓN

As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos que esixa cada concello.

Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa

polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse polo período de liquidación das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor a o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do un de Xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.— administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

4) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas por os artigos 133.2 e 142 da Constitución e por o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réximen Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais este Concello establece a taxa de Saneamento, que se rexirá por a presente Ordenanza fiscal cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPÓÑIBLE

1. Constitue o feito imponible da taxa:
 - a) A actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida a Rede de Alcantarillado municipal.
 - b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da Rede de Alcantarillado municipal, e o seu tratamento para depuralas.
2. Non estarán suxeitas a taxa as fincas derruidas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso do alcantarillado.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan:
 - a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida a rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.
 - b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior os ocupantes ou usuarios das fincas do término municipal beneficiarios dos mencionados servizos, calesquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.
2. En todo caso, terán a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante o usuario das vivendas ou locais o propietario dos inmovibles, os que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos ou sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente establecidos en normas con rango de Lei ou os derivados de Tratados ou Acordos Internacionais.

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA

A cota desta Taxa será a seguinte:

USO	MODULO	€/TRIMESTRE
Doméstico	Todos	18,31
Comercio en xeral, oficinas e despachos		
Perruquerías, industrias artesanais	Todos	10,86
Restaurantes	0-200 m ²	36,18
Restaurantes	201-300 m ²	72,34
Restaurantes	> 300 m ²	130,20
Cafeterías, bares, pubs e similares	0-50 m ²	21,71
Cafeterías, bares, pubs e similares	51-100 m ²	43,38
Cafeterías, bares, pubs e similares	> 100 m ²	78,15
Hoteis, hostais, sanatorios e similares	Habitacion	3,62
Centros docentes, garderías, centros recreativos e salas de festa	0-1000 m ²	36,18
Centros docentes, garderías, centros recreativos e salas de festa	1011-2500 m ²	54,27
Centros docentes, garderías, centros recreativos e salas de festa	> 2500 m ²	90,42
Supermercados, grandes superficies	101-500 m ²	18,09
Supermercados, grandes superficies	501-1000 m ²	36,18
Supermercados, grandes superficies	> 1000 m ²	72,34
Talleres, almacéns e similares	Todos	18,09
Fabricas e industrias en xeral con uso de auga no proceso productivo	Todos	108,52
Dereitos de acometida		
Por cada inslatación de vivenda		52,82
Por cada instalación distinta de vivenda		86,81
Doméstico en obra (po vivenda)		18,31
(A taxa devengarase dende a solicitude de conexión ata a obtención da licenza de 1º ocupación sendo o promotor o obrigado tributario)		
Fábricas e industrias con alto consumo de auga	todos	108,52
DOMÉSTICO EN OBRA (por vivenda)		18,31
A taxa devengarase dende a solicitude de conexión ata a obtención da licenza de 1º ocupación sendo o promotor o obrigado tributario.		
FABRICAS E INDUSTRIAS CON ALTO		
CONSUMO DE AUGA cota fixa		108,52
		euros/m ³ 0,24

Se a industria consume só auga da rede municipal os m³ serán equivalentes aos consumidos no contador de auga.

En caso de dispor de consumo propio os m³ serán os medidos polo contador-medidor do verquido que a industria instale ao efecto.

ARTIGO 6º.—EXENCIONES E BONIFICACIONES

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente Taxa que non veñan establecidas en

tratados ou acordos internacionais ou en normas con rango de Lei.

ARTIGO 7º.—DEVENGO

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible enténdendose iniciada:
 - a) Na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de acometida, se o suxeito pasivo o formulase expresamente.
 - b) Dende que teña lugar a efectiva acometida a Rede de Alcantarillado Municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida e sen perjuicio e sen perjuicio da iniciación do expediente administrativo que poda instruírse para a súa autorización.
2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e de depuración, teñen carácter de obligatorio para todas as fincas do Municipio que teñan fachada a ruas, prazas ou vías públicas en que exista alcantarillado, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros e se devengará a taxa aúncando os interesados non procedan a efectuar a acometida a Rede.

ARTIGO 8º.—LIQUIDACIÓN

1. Cando se presente a solicitude de licenza de acometida liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo.
2. Se se realiza a acometida sen realizar solicitude procederá a liquidar e notificar esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación, sen perxuício da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.
3. Unha vez autorizada a acometida a xestión e recadación desta taxa acomodaráse a o procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula... etc.)

ARTIGO 9º.—INGRESO

1. As cotas desta taxa liquidarase e esixirase no momento de presentarse a solicitude, en calidade de depósito previo.
2. Cando se realice a acometida sen mediar solicitude esixirase nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación.
3. Cando a taxa se exaccione por Padrón esixirase no período sinalado na tarifa o, no seu caso, no que acorde o Alcalde ou Xunta de Goberno Local e o ingreso farase efectivo no +RXR para os valores recibo.
4. Os ingresos efectúranse na Depositaria municipal ou no lugar que determine o Alcalde-Presidente.

ARTIGO 10º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase a o disposto no artigo 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza entrará en vigor a o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do un de Xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.—administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

5) MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE VERTEDEURAS A REDE DE SUMIDOIROS DO CONCELLO DE POIO

Modifícanse as tarifas da taxa de análises, inspección e informes que figuran no Anexo IV do Regulamento, debendo axustarse ás seguintes contías.

Parámetros	euros
PH	4,95
Conductividade	4,95
Sólidos en suspensión totais	15,02
D.B.O.5	31,38
D.Q.O.	25,23
Fósforo total	13,89
Parámetros	euros
Nitróxeno amoniacal	11,73
Sulfuro	17,34
Aceites e graxas	59,53
Recollida e envío mostra laboratorio	86,83
Subtotal	270,86
IVE 16%	43,34
TOTAL	314,20
POR INSPECCIÓN E INFORME	168,33
IVE 16%	26,93
TOTAL	195,26
Aluminio	31,94
Arsénico	47,90
Bario	31,94
Boro	15,96
Cadmio	31,94
Cromo hexavalente	22,36
Cromo total	31,94
Ferro	22,36
Manganeso	22,36
Níquel	31,94
Mercurio	47,90
Chumbo	31,94
Selenio	47,90
Estaño	43,93
Cobre	22,36
Zinc	22,36
Cianuros totais	51,30
Cloruros	14,38
Sulfitos	41,12
Sulfatos	25,53
Fluoruros	25,53
Fenois totais	28,98
Aldehidos	38,32
Deterxentes	29,82
Pesticidas	425,64
Toxicidade	137,00

A estas cantidades a empresa concesionaria repercutirá o IVE.

A modificación destas tarifas comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2008 e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente modificación cabe recurso contencioso.—administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

6) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

ARTIGO 1.—FUDAMENTO LEGAL

En virtude do establecido no artigo 160.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e dos

artigos 15.1 e 59.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a presente ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

ARTIGO 2.—NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

- 1) Constitúe o feito imponible do imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obra ou urbanística, obtívrase ou non dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.
- 2) As construcións, instalacións e obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:
 - a) Obras de construción de edificacións e instalacións de toda clase de nova planta.
 - b) Obras de demolición.
 - c) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
 - d) Alineacións e resantes.
 - e) Obras de fontanería e saneamento.
 - f) Obras en cemiterios.
 - g) Obras de instalación de paneis solares.
 - h) Calquera outras construcións, instalacións e obras que requiran licenza de obra ou urbanística.

ARTIGO 3.—SUXEITOS PASIVOS

- 1) Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire os artigos 35 e 36 da Lei Xeral Tributaria, propietarios de inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións e obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos considerárase contribuínte a quen obste a condición de dono da obra.
- 2) Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións e obras se non foran os propios contribuíntes.

ARTIGO 4.—BASE IMPOÑIBLE, COTA, DEVENGO E BONIFICACIÓNS

- 1) A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación e obra.
- 2) A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
- 3) O tipo de gravame será o seguinte:
 - a) 2,40% para as edificacións destinadas a vivenda unifamiliar en réxime de autopromoción.
 - b) 4% para as edificacións destinadas a vivendas unifamiliares (que non se atopen nun réximen de autopromoción) e as construcións, instalacións e obras menores e as restantes de construcións, instalacións e obras así como ás vivendas plurifamiliares.
- 4) O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obras, aínda cando non se obtivera a correspondente licenza.
- 5) Bonificacións sobre a cota:
 - a) Unha bonificación de ata o 95% sobre a cota do ICIO, a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustificara tal declaración. Corresponderá ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

- b) Unha bonificación do 50% sobre a cota do ICIO, a favor das construcións, instalacións e obras referintes a construción de vivendas de protección oficial.
- c) Unha bonificación do 50% sobre a cota do ICIO, a favor das obras de reforma e adaptación á Lei 8/97, de 20 de agosto, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas. Esta bonificación aplicarase soamente ás obras que tiveran unha licenza de construción anterior á entrada en vigor da citada Lei.
- d) Unha bonificación do 95% da cota do ICIO resultante da aplicación do tipo ao custo real e efectivo das obras de instalación de paneis solares nas edificacións.

ARTIGO 5.—XESTIÓN

- 1) Cando se solicite a licenza preceptiva practícarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente e fora conformado dito orzamento polo Técnico Municipal; e se o valor do Técnico Municipal fora superior ao do proxecto aplicarase como base imponible a do Técnico Municipal, o cal deberá axustarse ás valoracións oficiais aprobadas periodicamente polo Colexio Oficial respectivo; noutro caso, cando non esté visado, a base imponible será determinada polos técnicos municipais de acordo co custo estimado do proxecto, obra ou instalación. Valoración de obras menores:

VARIOS

RAMPAS DE ACCESO A TERREOS OU INMOBLES	12,00 €/M ²
EXCAVACION EN TERRA OU ROCHA	3,60 €/M ³
DEMOLICION DE VALO	12,00 €/M ²
APERTURA DE OCOS NO VALO	18,00 €/UD
INSTALACION DE PORTAL ACCESO A TERREOS.	90,00 €/ML

VALOS E CERRAMENTOS

CERRAMENTO DE POSTES E ARAME OU REIXA METÁLICA	12,00 €/ML
<i>VALOS DE CERRAMENTO</i>	
- DE BLOQUES DE FORMIGÓN (ENFUSCADO E PINTADO)	24,00 €/ML
- DE PEDRA	60,00 €/M ²
<i>VALO DE CONTENCIÓN DE TERRAS</i>	
- DE PEDRA	36,00 €/M ²
- DE FORMIGON	30,00 €/M ²
ENCINTADO DE VALOS DE PEDRA	6,00 €/M ²
REVESTIMIENTO DE VALOS	30,00 €/M ²

VIVENDAS E EDIFICIOS

INTERIORES

CUARTO BAÑO – ASEO	540,00 €/M ²
COCIÑA	360,00 €/M ²
CONSTRUCCIÓN ESCALEIRA	45,00 €/M ²

CONSTRUCCION TABIQUE INTERIOR

- SO LADRILLO	9,00 €/M ²
- TAMÉN ENFUSCADO E PINTADO	21,00 €/M ²

PAVIMENTO:

- TERRAZO	21,00 €/M ²
- MADEIRA (PARQUET)	27,00 €/M ²
- SO CEMENTO	12,00 €/M ²
SUBSTITUCIÓN CARPINTERIA INTERIOR DE MADEIRA	120,00 €/UD

EXTERIORES E FACHADAS

REVESTIMIENTO DE FACHADAS	30,00 €/M ²
ENCINTADO FACHADAS	6,00 €/M ²
LIMPEZA FACHADAS PEDRA	8,00 €/M ²
PINTADO FACHADAS EXTERIORES	3,00 €/M ²
DE CANALÓN E BAIXANTE	9,00 €/ML

SUBSTITUCION CARPINTERIA EXTERIOR (PORTAS OU FIESTRAS)

- DE ALUMINIO	100,00 €/UD
---------------	-------------

- MADEIRA	130,00 €/UD
CUBERTAS	
CHEMINEA	150,00 €/UD.

CUBERTAS

- SUBSTITUCIÓN DE TELLA	40,00 €/M ²
- SUBSTITUCIÓN DE TELLA E PRANCHAS FIBROCEMENTO	50,00 €/M ²

ALBOIOS

ALBOIO DE BLOQUES (ENFOSCADO E PINTADO)	60,00 €/M ²
ALBOIO CON 50% DO CERRAMENTO EN PEDRA E O RESTO ENFOSCADO E PINTADO	72,00

- 2) Sen xustificar a realización do ingreso do importe da liquidación provisional nas arcas municipais non se concederá a licenza.
- 3) Á vista das construcións, instalacións e obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

ARTIGO 6.—INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A Inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 7.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo a cualificación das infraccións tributarias, así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor a o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do un de Xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.— administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

7) ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15.1, 25 e 27 do TRLRHL aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, acordase a imposición e ordenación da Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 36 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especial-

mente o dominio público local en beneficio particular, cósnto algún dos supostos citados no feito imponible.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 da Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

CONCEPTO	IMPORTE
Vivendas unifamiliares e solares	15,50 €/m/ano
Edificio ata 10 prazas garaxe	23,50 €/m/ano
Edificio mais de 10 prazas garaxe	39,50 €/m/ano
Entradas e establecementos comerciais, industriais ou servizos	23,50 €/m/ano
Reserva vía pública carga e descarga	23,50 €/m/ano
Reserva vía pública paradas autobuses de liñas regulares.	23,50 m ² /ano

ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou derivan de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 7º. PERCEPCIÓN

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servizos de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización.
- Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

ARTIGO 8º. LIQUIDACIÓN

Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.

Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 9º. INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

ARTIGO 10º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11º. NORMAS DE XESTIÓN

En relación ó apartado b) das tarifas desta Ordenanza, establécese como tempo máximo de reserva diaria 6 horas, distribuídas en 3 horas de mañá e 3 horas de tarde. Así mesmo poderase reducir a cota anual en proporción ao tempo ocupado e previo informe da Policía Local.

Cando nunha zona varios interesados soliciten aproveitamentos para carga e descarga, por razóns de espazo ou de ordenación do tráfico, o Concello poderá habilitar un único espazo para carga e descarga que utilizarán tódolos solicitantes, cos mesmos dereitos e deberes. Neste caso cada un dos solicitantes deberá facerse cargo de parte do prezo público que proporcionalmente lle corresponda, correspondéndolle a cada un dos beneficiarios un importe igual ó resultado de dividi-la cota anual, calculada de acordo co apartado b) das Tarifas entre o número de beneficiarios que poden facer uso do espazo destinado á carga e descarga.

As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor a o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do un de Xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.— administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

8) MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE GRUA

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO LEGAL

Este Concello, de conformidade co disposto no artigo 57 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e facendo uso da facultade regulamentaria que lle atribue o artigo 15 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, establece a Taxa por a prestación do Servizo Público de Grúa para a retirada de vehículos abandonados ou estacionados defectuosa ou abusivamente na vía pública e a súa custodia, cuxa exacción realizarase con suxección ao previsto nesta Ordenanza Reguladora.

ARTIGO 2º.—NATUREZA DO TRIBUTO

Este tributo ten natureza de taxa fiscal xa que se trata dun servizo de solicitude ou recepción obligatoria, non é susceptible de ser prestado por a iniciativa privada, por tratarse dun servizo que implica manifestación de exercicio de autoridade, ou por referirse a un servizo público no que está declarada a reserva en favor das Entidades Locais.

ARTIGO 3º.—FEITO IMPOÑIBLE

O feito imponible ven determinado por a prestación de calquera dos servizos de enganche, retirada, traslado e custodia de vehículos nos supostos previstos na Normativa de Circulación.

ARTIGO 4º.—SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xaral Tributaria, propietarios dos vehículos que reciban calquera dos servizos previstos no artigo terceiro anterior.

ARTIGO 5º.—BENEFICIOS FISCAIS

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente establecidos en normas con rango de Lei ou os derivados de Tratados ou Acordos Internacionais.

ARTIGO 6º.—COTA TRIBUTARIA

As cantidades a liquidar e esixir por esta Taxa serán as seguintes:

CONCEPTOS	IMPORTE
ENGANCHE	
Vehículos de menos de catro rodas	13,00 €
Turismos	33,50 €
Vehículos pesados	54,00 €
ENGANCHE E TRASLADO	
Vehículos de menos de catro rodas	27,00 €
Turismos	67,50 €
Vehículos pesados	101,50 €
CUSTODIA (POR CADA DÍA OU FRACCIÓN)	
Vehículos de menos de catro rodas	2,20 €
Turismos	4,50 €
Vehículos pesados	5,50 €

ARTIGO 7º.—DEVENGO

Devéngase a taxa cando se inicie a prestación de calquera dos servizos que determinan a realización do feito imponible. Enténdese iniciada a prestación unha vez avisada a grúa.

ARTIGO 8º.—NORMAS DE XESTIÓN

O cobro desta Taxa efectuarase con anterioridade á recollida do vehículo do depósito municipal ou, no lugar habilitado ao efecto, ou de producirse o desenganche do vehículo transportador se estivese en fase de traslado ao depósito.

Para o cobro utilizaranse recibos con importe preimpresos ou recibos con autocalco debidamente numerados, debendo a persoa encargada do cobro, de entregar o recadado xustificando coa copia do recibo. Se o servizo se contrata a unha empresa privada, a facturación da empresa comprobáranse coas copias dos recibos correspondentes.

O devengo das taxas polos servizos prestados, é independente da sanción que proceda impoñer conforme ao procedemento establecido.

A Administración Municipal non é responsable dos danos e desperfectos que o vehículo poida experimentar con motio das actuacións de inmovilización, transporte, retirada ou depósito, agás que poida demostrarse que o persoal dependente ou que traballe por conta do Concello incorrese en culpa ou negligencia.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.— administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

9) ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

ARTIGO 7º.—DEVENGO

Devéngase a Taxa cando se inicie a prestación de calesquera dos servizos que determinan a realización do feito imponible. Enténdese iniciada a prestación unha vez avisada a grúa.

ARTIGO 8º.—NORMAS DE XESTIÓN.

O cobro desta Taxa efectuarase con anterioridade á recollida do vehículo do depósito municipal ou, no lugar habilitado ao efecto, ou de producirse o desenganche do vehículo transportador se estivese en fase de traslado ao depósito.

Para o cobro utilizaranse recibos con importe preimpresos ou recibos con autocalco debidamente numerados, debendo a persoa encargada do cobro de entregar o recadado justificando coa copia do recibo. Se o servizo se contrata a unha empresa privada, a facturación da empresa comprobáranse coas copias dos recibos correspondentes.

O devengo das taxas polos servizos prestados é independentemente da sanción que proceda impoñer conforme ao procedemento establecido.

A Administración Municipal non é responsable dos danos e desperfectos que o vehículo poida experimentar con motivo das actuacións de inmovilización, transporte, retirada ou depósito, agás que poida demostrarse que o persoal dependente ou que traballo por conta do Concello incurrixe en culpa ou negligencia.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do un de Xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.— administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

En virtude dos artigos 59.1 e 78 e seguintes do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo por o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e según o disposto nas Leis de Orzamentos do Estado quedan fixados nos termos que se establecen nos artigos correspondentes desta Ordenanza as normas reguladoras do Imposto sobre Actividades Económicas.

ARTIGO PRIMEIRO: NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

O imposto sobre actividades económicas é un tributo directo, de carácter real, cuxo feito imponible está consituído por o exercicio, en territorio nacional, de actividades profesionais, empresariais ou artísticas que se exerzan nun local determinado estean ou non especificadas na tarifa do imposto.

ARTIGO SEGUNDO: ACTIVIDADE ECONÓMICA GRAVADA

Considerase que unha actividade se exerce con carácter empresarial, profesional ou artístico cando supoña a ordeación por conta propia dos medios de produción ou de recursos humanos ou de ambos coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens e servizos

O contido das activiades gravadas está definido nas tarifas do imposto.

ARTIGO TERCEIRO: SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria sempre que se realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

ARTIGO CUARTO: COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto de acordo cos preceptos contidos nesta lei e as disposicións que a complementen e desenvolven, e os coeficientes e bonificacións previstos por a lei, e, no seu caso acordados por cada concello e regulados nas ordenanzas respectivas.

As tarifas do imposto, nas que se fixarán as cotas mínimas, así como a instrucción para a súa plicación aprobaranse por real decreto legislativo do Goberno.

Asimesmo, as tarifas do imposto poderá fixar cotas provinciais ou nacionais sinalando as condicións nas que as actividades poderán tributar por ditas cotas e fixando o seu importe, tendo en conta o seu respectivo ámbito espacial.

ARTIGO QUINTO: COEFICIENTE DE PONDERACION

Aplicarase sobre as cotas municipais, provinciais ou nacionais fixadas nas tarifas do imposto e estará determinado en función do importe neto da cifra de negocio según os coeficientes establecidos por o artigo 86 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

ARTIGO SEXTO: COEFICIENTE DE SITUACIÓN

Sobre as cotas modificadas os concellos poderán establecer unha escala de coeficientes que pondere a situación fiscal do local dentro de cada termo municipal atendendo a categoría de rúa na que radique. O mencionado coeficiente situarase no 2 no Nucleo Urbano e no 1,5 no resto.

ARTIGO SÉPTIMO

Os supostos de non suxección, exencións e bonificacións obrigatorias e potestativas son os determinados por os artigos 81, 82 e 88 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Disposición final: esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e aplicarase a partir do un de xaneiro de 2008 ata a súa derogación ou modificación.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.— administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

10) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE CELEBRACION DE CASAMENTOS CIVÍS

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 25 e 57 do TRLRHL aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, acorda a imposición e ordenación da Taxa pola prestación do servizo de celebración de casamentos civís.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constituirá o feito imponible desta taxa o conxunto de actuacións relativas á celebración de casamentos civís, tal como:

- a) Organización do acto.
- b) Utilización do Salón de Actos da Casa do Concello para a celebración.
- c) Outras relacionadas coas anteriores.

2.—Non se inclúen nesta taxa:

- A tramitación do expediente gubernativo previo ó matrimonio civil.
- A expedición posterior do Libro de Familia que correspondo ó Xulgado de Paz.
- Adorno floral
- Música, coros e outros análogos.

3.—Non estarán suxeitos ó pagamento de taxas os casamentos civís realizados o último sábado de cada mes en horario de 11 a 13 horas.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigado ó pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza, os beneficiarios do Servizo, entendéndose por tales os contribuintes, que quedan obrigados solidariamente.

ARTIGO 4º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Agás o disposto no art. 1.3 da presente ordenanza e en normas de rango legal e tratados internacionais, non se admitirán exencións e bonificacións na taxa regulada.

ARTIGO 5º.—COTA

Corresponderá aboar pola prestación do servizo regulado nesta ordenanza a tarifa fixa de 70 Euros por casamento.

ARTIGO 6º.—DEVENGO E INGRESO

1.—A taxa devengarase no momento en que se inicie a prestación do Servizo, entendéndose por tal inicio a recepción da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

2.—Os solicitantes do servizo realizarán, simultaneamente coa solicitude, o ingreso na Recadación Municipal do importe da taxa sinalado no artigo 5 desta Ordenanza practicando a correspondente autoliquidación en impreso regulamentario que facilitará o Rexistro Xeral do Concello.

3.—No suposto de que, con posterioridade á presentación da solicitude e antes da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederá a devolución de oficio do 75% do importe sinalado no artigo 5 desta ordenanza.

ARTIGO 7- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No relativo a infracción tributarias desta Ordenanza así como a súa cualificación e as sanción procedentes estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria, Lei 1/98 de dereitos e garantías dos contribuintes e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓNS FINAIS

A presente Ordenanza entrará en vigor a o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do un de Xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.— administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

11) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

ARTIGO 1.—FUDAMENTO LEGAL

En virtude do artigo 160.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e dos artigos 15.1 e 59.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a presente ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

ARTIGO 2.—NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

1.—O imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos de esta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sea a súa clase e categoría.

2.—Considérase vehículo apto para a circulación o que foi matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentras non causara baixa nestes. Aos efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provisto de permisos temporais e matrícula turística.

3.—Non están suxeitos a este imposto:

- a) Os vehículos que foran dados de baixa nos Rexistros por antigüidade do seu modelo, e que poidan ser autorizados para circular excepcionalmente coa ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ás desta natureza.
- b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica con carga útil non superior a 750 quilógramos.

ARTIGO 3.—EXENCIÓNS

1.—Estáran exentos do imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadán.
- b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.
Asimesmo, os vehículos dos organismo internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.
- c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.
- d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados a asistencia sanitaria ou ao traslado de feridos ou enfermos.
- e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro.

Asimesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteña ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios delas por máis de un vehículo simultaneamente.

Para os efectos do disposto neste parágrafo, consideraranse persoas con minusvalía as que teñan esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento.

- f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor.
- g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

2.—Para poder aplicar as exencións a que se refiren os parágrafos e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Declarada a exención pola Administración Municipal, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

En relación coa exención prevista no segundo parágrafo e) do apartado 1 anterior, o interesado deberá aportar o certificado da minusvalía emitido polo órgano competente e xustificar o destino do vehículo, para o que deberá presentar unha declaración na que fará constar que o vehículo será destinado ao seu uso exclusivo e que será el mesmo o conductor do vehículo, ou que precisa dunha terceira persoa para que o transporte por non poder conducir debido á súa minusvalía, debendo facer constar neste último caso o nome do conductor do vehículo.

Unha vez concedida a exención, e no caso de que o beneficiario da mesma incumpra o requisito anterior referente ao uso exclusivo do vehículo na forma que se indica na declaración, o beneficiario perderá a exención concedida e será multado pola Alcaldía polo importe máximo permitido pola Lei, que actualmente ascende a 300,51 €, asimesmo, e previa incoación do expediente sancionador, poderá suspenderse por tempo determinado ou retirarse definitivamente o beneficio da exención concedida.

ARTIGO 4.—SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 a Lei Xeral Tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

ARTIGO 5.—COTA TRIBUTARIA

1.—O imposto esixirase con arreglo ao seguinte cadro de tarifas:

POTENCIA E CLASE DE VEHÍCULOS

A) Turismo:

De menos de 8 cabalos fiscais	14,00 €
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	38,00 €
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	80,00 €
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	107,50 €
De 20 cabalos fiscais en adiante	134,00 €

B) Autobuses:

De menos de 21 prazas	100,00 €
De 21 a 50 prazas	142,00 €
De máis de 50 prazas	178,00 €

C) Camións:

De menos de 1.000 Kg. de carga útil	50,50 €
De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil	100,00 €
De máis de 2.999 a 9.999 kg. de carga útil	142,00 €
De máis de 9.999 Kg. de carga útil	178,00 €

D) Tractores:

De menos de 16 cabalos fiscais	21,00 €
De 16 a 25 cabalos fiscais	33,00 €
De máis de 25 cabalos fiscais	100,00 €

E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

De menos de 1.000 kg. de carga útil	21,00 €
De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	33,00 €
De máis de 2.999 Kg. de carga útil	100,00 €

F) Outros vehículos:

Ciclomotores	5,00 €
Motocicletas ata 125 c.c.	5,00 €
Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	9,00 €
Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	18,00 €
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.	36,00 €
Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	72,50 €

2.—O cadro de cotas poderá ser modificado por Lei de Orzamento Xerais do Estado.

3.—As cotas do imposto terán as seguintes bonificacións:

- Unha bonificación do 100 por cen para os vehículos históricos ou aqueles que teñan una antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

ARTIGO 6.—PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1.—O Período impositivo coincide co ano natural, agás no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día en que se produza dita adquisición.

2.—O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo.

3.—O importe da cota do imposto prorratarase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición e baixa definitiva do vehículo. Tamén pocederá o prorrateo da cota nos mesmo termos nos supostos de baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, e iso dende o momento en que se produza dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

ARTIGO 7.—XESTIÓN TRIBUTARIA DO IMPOSTO

A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria corresponde ao concello do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou o organismo de xestión e recadación onde o Concello teña delegado este servizo.

ARTIGO 8.—AUTOLIQUIDACIÓN

1.—No caso de primeiras adquisicións de vehículos ou cando estes se reformen de maneira que altere a súa clasificación para os efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán na oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar da data de adquisición ou reforma, declaración-liquidación segundo o modelo determinado por este Concello, que conterà os elementos da relación tributaria imprescindible para a liquidación normal ou complementaria procedente, así como a realización da mesma. Acompañarase a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou Código de Identificación Fiscal de suxeito pasivo.

2.—Simultaneamente á presentación da declaración-liquidación a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do imposto resultante da mesma. Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional en tanto que pola oficina xestora non se comprobe que a mesma se efectuara mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do imposto.

ARTIGO 9.—PAGO DO IMPOSTO

1.—No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do primeiro semestre de cada exercicio.

2.—No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das correspondentes tarifas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ao imposto que consten inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

3.—O padrón ou matrícula do imposto exporase ao público polo prazo de un mes para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ao público anunciarase no “Boletín Oficial” da provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

4.—O pago do imposto acreditarase mediante o recibo ou carta de pago expedidos polo Concello ou polo Organismo encargado da xestión e recadación de dito imposto.

5.—Quen solicite perante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou a certificación de aptitude para circular dun vehículo, deberá acreditar previamente o pago do imposto.

6.—Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a súa reforma, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio

que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ao cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago de tódalas débedas por dito concepto devengadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obrigación de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con 15 ou máis anos de antigüidade.

3.—As Xefaturas Provinciais de Tráfico non tramitarán os expedientes de baixa, transferencia ou modificación de vehículos, se non se acredita previamente o pago do imposto nos termos establecidos nos apartados anteriores.

ARTIGO 10.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Será aplicable o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e a desenvolvan.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor a o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do un de Xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.— administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

12) ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS FACULTATIVOS QUE SE PRESTEN EN OBRAS MUNICIPAIS

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO LEGAL

Ó amparo das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa polos servizos facultativos que se presten en obras municipais, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, segundo o establecido no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitue o feito imponible da taxa a prestación por este Concello, a través dos seus Servizos técnicos, da dirección e inspección de obras contratadas ou adxudicadas polo Concello.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO

Serán suxeitos pasivos da taxa que se regula nesta Ordenanza, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación da actividade administrativa que constitúe o obxecto desta taxa.

ARTIGO 5º. EXENCIÓNS, REDUCCIÓN **E BONIFICACIÓN**

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación de Tratados Internacionais, segundo o disposto no artigo 9 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 6º. CONTÍA

A contía da taxa regulada por esta Ordenanza será o 5,35 por cento do importe do orzamento de execución material das obras, aplicando, no seu caso, o coeficiente de baixa, determinándose parcialmente en función do orzamento de exe-

cución material adxudicado de cada certificación de obra expedida.

ARTIGO 7º. DEVENGO

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible.

ARTIGO 8º XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN

A liquidación da taxa practicarase polos Servizos Técnicos do Concello unha vez que o contrato da obra sexa adxudicado e sempre que a dirección de obra sexa levada a cabo por técnicos municipais.

A liquidación da taxa aprobarase por Decreto da Alcaldía ou Xunta de Goberno Local.

O importe da taxa deberá ser ingresado polo adxudicatario unha vez notificada a liquidación de honorarios e dentro dos prazos legalmente establecidos.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Aplicarase o réxime de infraccións e sancións reguladas na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor a o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do un de Xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.— administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

13) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto no artigo 20.4.i) do RD 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal e o disposto no citado Texto refundido.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constitúe o feito imponible da taxa de actividade administrativa desenrolada con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.

2.—Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.

3.—Non estarán suxeitas a esta Taxa a tramitación de documentos ou expedientes necesarios para o cumprimento das obrigas fiscais, así como tampouco as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións de calquera clase e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia do Concello.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades as que se refire o

artigo 35 e 36 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou que teñan un interese no que redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES TRIBUTARIOS

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas as que se refire o artigo 42.c) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades sinaladas no artigo 43 Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos expedientes ou documentos a tramitar, de conformidade coas seguintes tarifas:

DEREITOS DE EXAME

Exames para prazas encadradas no grupo A ou asimilado:	55,00 euros
Exames para prazas encadradas no grupo B ou asimilado:	45,00 euros
Exames para prazas encadradas no grupo C ou asimilado:	35,00 euros
Exames para prazas encadradas no grupo D ou asimilado:	25,00 euros
Exames para prazas encadradas no grupo E ou asimilado:	15,00 euros
Probas para contratacións temporais:	3,00 euros

FOTOCOPIAS DE PLANOS E DE DOCUMENTOS TÉCNICOS

Por folio tamaño DIN A-4:	0,15 euros
Por folio tamaño DIN A-3:	0,30 euros
Por folio tamaño DIN A-4 na biblioteca:	0,15 euros
Por copias en color:	1,50 euros
Información impresa por ordenador (sen fotografías):	0,15 euros
Compulsa destes documentos por folio:	0,50 euros

DOCUMENTOS RELATIVOS A URBANISMO

Certificado de condicións urbanísticas:	60,00 euros
Outros informes urbanísticos:	30,00 euros
Outros certificados urbanísticos:	50,00 euros
Tramitación do expediente que determine o carácter público ou privado de camiños: ...	240,00 euros

OUTROS DOCUMENTOS

Exemplar de ordenanzas fiscais:	24,00 euros
Bastanteo de poderes:	24,00 euros
Certificado de acordos municipais, ano en curso:	10,00 euros
Certificado de acordos municipais, anos anteriores:	12,00 euros
Expedición de certificados emitidos pola policía local:	10,00 euros
Expedición de atestados emitidos pola policía local:	30,00 euros

ARTIGO 6º.—BENEFICIOS FISCAIS E BONIFICACIÓNS

Gozarán de exención aqueles contribuíntes no que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Ter obtivo o beneficio xudicial de pobreza, respecto ós expedientes que deben surtir efecto, precisamente no procedemento xudicial no que foran declarados pobres.
- Investigadores, estudantes e organizacións non gubernamentais sen afán de lucro, así como os servizos prestados para prover os interesados da documentación necesaria para ter acceso a prestacións sociais. No caso de investigadores estudantes e organizacións non gubernamentais sen afán de lucro acredítase o interese, investigación ou estudio a realizar.

ARTIGO 7º.—DEVENGO

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, enténdose, a estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude daqueles.

ARTIGO 8º.—DECLARACIÓN E INGRESO

- 1.—A taxa esixírase en réxime de autoliquidación.
- 2.—Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sen que emende a deficiencia, polo que se requirirá ó interesado para que, no prazo de 10 días abone as cotas correspondentes co apercibimento de que transcorrido dito prazo sen efectualo, se terán os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor a o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do un de Xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso-administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.

Poio, a 27 de decembro de 2007.—O Alcalde,
Luciano Sobral Fernández. 2007011946



RODEIRO

E D I C T O

Transcorrido o prazo de exposición ao público do acordo e ordenanza fiscal provisionais do imposto sobre bens inmoebles (ibi), aprobados polo pleno do concello na sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2007, e non téndose presentadas, dentro do mesmo, reclamación algunha, dito acordo, así como a ordenanza fiscal anexa ao mesmo, quedan elevados a definitivos, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

De conformidade co disposto no artigo 19.1 da devandita lei, contra o presente acordo os interesados lexítimos poderán interpoñer o correspondente recurso contencioso-administrativo na forma e prazo que establece a lei reguladora de dita xurisdicción.

Rodeiro, a 26 de decembro de 2007.—O Alcalde, Manuel N. Salgado González.

A N E X O

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOEBLES (IBI)

A tenor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e o artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo ao establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do Título II, e artigos 61 e seguintes, todos eles do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e artigos 6, 7 e 8 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004 de 5 de marzo, e as modificacións de ditos textos introducidas pola Lei 16/2007 de 4 de xullo, Disposición Adicional Sétima e Décima, logo do pronunciamiento do Tribunal Supremo en sentenza de 30 de maio de 2007 pola que declara nulo e expulsa do ordenamento xurídi-